

XI ENCONTRO DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN
DESEÑO E XESTIÓN DAS SALAS DE RESERVA: ONDE COMEZA A CONSERVACIÓN
Museo de Pontevedra. Edificio Castelao
Pontevedra, 24 e 25 de novembro de 2022

Sen dúbida, os museos están inmersos nun proceso de reflexión e debate crítico para afrontar os múltiples cambios aos que se enfrontan para avanzar nunha xestión integrada e máis eficiente da súa práctica diaria. Un dos aspectos que mellor evidencian unha nova concepción e organización dos museos é a crecente atención prestada ás reservas da colección que, sempre infravaloradas e insuficientes, están a pasar dunha posición marxinal a outra central nas inquietudes dos profesionais do mundo dos museos.

Esta necesidade está intimamente relacionada coa procura polos profesionais dunha xestión máis eficiente, sostible e responsable dos nosos museos, pero tamén cunha clara vontade de dar visibilidade á maior parte da colección. Nesta dinámica, nos últimos anos emerxeron algunhas iniciativas pioneiras que marcan o camiño sobre cuestións como o deseño *ex novo* de salas de reserva, a reorganización funcional das existentes, a creación de reservas visitables ou a emerxencia de centros de depósito de coleccións patrimoniais que dan servizo a varias institucións.

Este encontro é unha boa oportunidade para compartir coñecemento experto e coñecer algunhas experiencias desenvolvidas nos últimos anos por institucións de referencia tanto no ámbito nacional como internacional. Só a través da discusión e análise crítica é posible que a toma de decisións sexa máis informada, responsable e sostible.

PROGRAMA

Xoves 24 de novembro

Mañá

- | | |
|---------|---|
| 9:00h | Acreditación e acto de inauguración |
| 9:30 h | <i>De almacén a Centro de Coleccións: un exemplo</i>
Lidia Font Pagès. Responsable de Conservación preventiva e restauración.
MUHBA Museu d'Història de Barcelona |
| 10:15 h | <i>Estratexias de sostibilidade: Gordailua, centro de coleccións patrimoniais de Gipuzkoa</i>
Irene Cárdaba López. Técnica de Conservación e Restauración. Gordailua |
| 11:00 h | Descanso |
| 11:30 h | <i>Estudos e consideracións previas á creación e deseño dunha Área de almacenaxe de bens culturais</i>
Maite Barrio. Directora. Albayalde conservatio |
| 12:15 h | <i>Encontrando o almacenamento óptimo do museo. Que podemos aprender dunha avaliación nos Países Baixos</i> |

Bart Ankersmit. Investigador senior. Rijksdienst voor het Cultureel Erfgoed
(Axencia do Patrimonio Cultural dos Países Baixos)

13:00 h Coloquio

Tarde

16.00 h *Xestión de coleccións en salas de reserva: metodoloxía de traballo en Rexistro e Conservación preventiva*

Pureza Villaescuerna Ilazarra. Xefa de almacén de obras de arte Dep. Registro. Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía (MNCARS)

16:45 h *Non hai excusa: RE ORG, unha opción sostible para as nosas reservas*

M^a Jose Gracia Tarragona. Coordinadora de Conservación Preventiva. Centre de Restauració de Béns Mobles de Catalunya (CRBMC)

17:30 h Coloquio

18:15 h Visita ao Museo

Venres 25 de novembro

Mañá

9:30 h *Optimización dos espazos para gardar e xestionar contidos eficientemente*
Alberto Lorenzo Mitxelena. Director xeral. EUN Group

10:15 h *O almacén como espazo público, unha novidade consolidada. O caso do Museo de Málaga*

José Ángel Palomares Samper. Xefe do Departamento de Conservación e Investigación. Museo de Málaga

11:00 h Descanso

11:30 h *Centre de conservation et d'étude de Lorraine (Metz). Historia, desenvolvemento e xestión das coleccións arqueolóxicas.*

Hélène Anton. Conservadora de patrimonio a cargo das coleccións arqueolóxicas do CCEL. DRAC Grand Est - Service Régional de l'Archéologie

12.15 h *Salas de reserva e conservación preventiva no MARQ Museo Arqueológico de Alicante*

Manuel Olcina Domenech. Director. MARQ Museo Arqueológico de Alicante

13:00 h Coloquio

13:45 h Clausura e entrega de diplomas

Tarde

16:00 h Visita guiada ao complexo conventual de Santa Clara, nova sede do Museo de Pontevedra

Haberá servizo de tradución simultánea